

## ANEXO

Provincia: Pontevedra.  
 Localidade: Cangas.  
 Concello: Cangas.  
 Enderezo: r/ Ferrol, 11.  
 Código do centro: 36024768.  
 Denominación: centro privado Altagracia.  
 Titular: Alfredo Iglesias Santos.  
 Ensinanzas que se autorizan:  
 Familia profesional: edificación e obra civil.  
 1 ciclo formativo de grao superior de Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción (2 unidades para 20 alumnos/unidade).  
 Familia profesional: hostalaría e turismo.  
 1 ciclo formativo de grao superior de animación turística (1 unidade para 20 alumnos).  
 1 ciclo formativo de grao superior de información e comercialización turísticas (1 unidade para 20 alumnos).

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 4 de agosto de 2008 pola que se amplía o prazo para o remate e xustificación dos traballos das liñas I, II e III da Orde do 22 de febreiro de 2008 pola que se establecen axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común.*

A Orde do 22 de febreiro de 2008 estableceu as bases reguladoras das axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común (*Diario Oficial de Galicia* nº 44, do 3 de marzo de 2008).

Os artigos 11º e 13º da devandita orde, relativos á execución da subvención e das xustificacións, establecen que na liña I o beneficiario disporá de 15 días naturais desde a finalización dos traballos para a presentación dos xustificantes das accións realizadas obxecto da subvención e non poderá supoñer máis alá do 15 de novembro, mentres que na liña II e na liña III os traballos deberán estar rematados o 15 de setembro e xustificados como máis tarde o 30 de setembro do ano en curso.

A data de resolución de concesión de axudas para a liña I é o 17 de xuño do 2008, polo tanto aqueles expedientes que teñen concedidos 5 meses para a realización dos traballos non poderán rematar na data prevista do 15 de novembro, polo que cómpre ampliar o prazo de remate dos traballos ata o 15 de decembro deste ano e disporán de 15 días naturais desde a súa finalización para a presentación dos xustificantes das accións realizadas.

Os traballos da liña II comenzaron na segunda quincena de xullo e os da liña III comezarán durante o mes de agosto, polo que a data de 15 de setembro como

remate das obras é demasiado curta, polo que cómpre ampliar o prazo de remate das obras ata o 31 de outubro e o prazo para xustificalas ata o 15 de novembro.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

## DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-O punto 5 do artigo 11º queda redatado do seguinte xeito:

Para a liña I, o beneficiario poderá solicitar a modificación da data de inicio dos traballos e, polo tanto, do seu remate, debidamente xustificada. Esta modificación en ningún caso poderá supoñer que as obras se inicien despois do 15 de xullo e, polo tanto, que rematen máis alá do 15 de decembro.

Esta modificación de datas deberase solicitar cunha antelación mínima dunha semana en relación co remate do prazo de inicio da operatividade.

Segundo.-Suprímese o punto 6 do artigo 11º.

Terceiro.-Amplíase o prazo para o remate e xustificación dos traballos das liñas I, II e III da Orde do 22 de febreiro de 2008 pola que se establecen axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man, quedando redactado o artigo 13º, parágrafo 2º, do seguinte xeito:

«Na liña I o beneficiario disporá de quince (15) días naturais desde a finalización dos traballos para a presentación dos xustificantes das accións realizadas e o prazo máximo para o remate das obras obxecto da subvención é o 15 de decembro; na liña II e na liña III os traballos deberán estar rematados o 31 de outubro e xustificados como máis tarde o 15 de novembro do ano en curso».

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
 Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 12 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte e se convocan para o ano 2008.*

Preámbulo.

O monte galego precisa unha mellora substancial da súa estrutura e potencialidades produtivas, desenvolvendo todos os beneficios tanto económicos coma ecolóxicos e sociais. É importante acadar un axeitado nivel de formación no sector forestal, especialmente en canto á sustentabilidade da xestión e a

posibilidade de aproveitar o monte dende un punto de vista multifuncional, estudando as potencialidades e os distintos produtos e beneficios que se poden obter.

Para conferir unha xestión forestal sustentable debemos fomentar os documentos de planificación da xestión forestal e proxectos de valorización integral dos recursos forestais.

Para garantir un axeitado aproveitamento dos recursos forestais debe estudarse a necesidade de diversificación dos produtos e servizos que se obtendrán do monte, co fin de conseguir unha mellora das producións en xeral e a posibilidade de obter máis rendas baseándose na calidade e ordenación das producións.

A mellora das condicións dos montes para o seu uso social e divulgativo e o fomento da mellora das condicións ambientais, a través da creación de espazos axeitados e instalacións e infraestruturas que aumenten as posibilidades de uso social do monte á vez que transmiten os valores e as potencialidades deste, permiten unha maior complicidade na loita contra os incendios forestais.

O Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) establece as condicións relativas a determinadas accións prioritarias tales como as relativas á información e formación profesional, ao asesoramento, ao aumento do valor económico dos bosques e de utilización sustentable dos terreos forestais a través de investimentos non produtivos. Este regulamento establece a obriga de enmarcar todas as accións financiadas con cargo a fondos Feader nun Programa de desenvolvemento rural que deberá ser redactado pola Comunidade Autónoma e proposto para a súa aprobación pola Comisión Europea. Este documento foi aprobado definitivamente por esta por decisión do 15 de febreiro do 2008.

Por outra banda, a publicación do Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia (DOG nº 96, do 20 de maio) que desenvolve a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, dá conta da importancia desta figura á hora de acadar o desenvolvemento da política de diversificación e aproveitamento multifuncional do monte, polo que se fai necesaria a xeración de incentivos e priorización destas unidades de xestión á hora da concesión de axudas.

A Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 27.10º do Estatuto de autonomía ten competencia exclusiva en materia de montes e aproveitamentos forestais.

A Consellería do Medio Rural segundo o establecido no Decreto 232/2005, do 11 de agosto (DOG nº 155, do 12 de agosto) polo que fixou a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e

no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, é o organismo competente para a xestión destas axudas que teñen como obxectivos os seguintes:

-Acadar e difundir coñecementos e tecnoloxías axeitadas para a implantación de niveis crecentes de xestión produtiva, multifuncional e sustentable dos bosques.

-Optimización do aproveitamento dos distintos recursos e servizos que proporcionan os montes.

-A regulación e ordenación dos aproveitamentos forestais.

-A conservación e fomento dos recursos forestais e dos valores ambientais e sociais dos montes.

-O fomento, mellora e diversificación da produción forestal.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas pola Administración pública galega. Por outro lado, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña a esta lei.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, establecen un novo marco normativo e regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

## DISPOÑO:

### CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade.*

1.1. Constitúe o obxecto desta orde establecer as bases reguladoras das axudas para os programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade no monte e proceder á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2008.

1.2. Constitúe a súa finalidade o fomento de programas que conduzan á valorización integral do monte galego e á diversificación dos produtos e recursos que proporciona.

O apoio técnico, a formación e concienciación, a ordenación de montes arborizados, a implantación de actividades produtivas e de promoción do uso

social no marco da xestión forestal sustentable, son obxectivos concretos desta orde de axudas.

#### Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio forestal da Comunidade Autónoma de Galicia coa exclusión:

Dos bosques e outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.

Dos bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa.

Dos bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50% do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.

#### Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Con carácter xeral estas axudas destinaranse a calquera entidade agraria, persoa física ou xurídica vinculada ao sector forestal galego, que se prevexa para cada tipo de programa especificado nos capítulos II, III e IV desta orde.

#### Artigo 4º.-*Criterios de prioridade.*

Os criterios de prioridade para a selección das solicitudes especificaranse para cada tipo de programa nos capítulos II, III e IV e incluírán como criterio favorable, sempre que sexa facilmente asociable, o número de titulares ou beneficiarios directos dos investimentos que se van realizar e a superficie forestal obxecto do programa.

A puntuación establecerase, cando proceda, unha vez definido o valor máximo e mínimo de entre todas as solicitudes presentadas, establecéndose intervalos de valores proporcionais aos parámetros. A cada un destes intervalos se asociará o mesmo número de puntos.

Para todos os casos, de existir empate, prevalecerá a maior superficie forestal certificada asociada ao programa, e finalmente o número máis baixo formado polas catro últimas cifras do DNI ou CIF do titular do terreo.

#### Artigo 5º.-*Condicións técnicas dos investimentos.*

As condicións técnicas específicas de cada programa recóllese nos capítulos II, III e IV desta orde.

Con carácter xeral, como condicións técnicas dos investimentos en materia de diversificación das producións e valorización integral así como en materia de posta en valor dos usos públicos ( capítulos III e IV respectivamente, e do capítulo II cando proceda) contémlanse :

1. Os beneficiarios deberán ter a titularidade da superficie forestal coa dispoñibilidade dos terreos polo período de vixencia do programa subvencionado.

2. Deberase presentar xunto coa solicitude de axuda un documento descritivo das actuacións que se

van levar a cabo. Este documento deberá desenvolver como mínimo os seguintes contidos:

-Estado legal do predio obxecto de solicitude de axuda: superficie, localización, estremas, accesos, ...

-Descrición das actuacións que se van levar a cabo.

-Especies e materiais que se van empregar, densidade final, ....

-Orzamento das accións do programa.

-Cartografía: planos sobre mapas oficiais, e ficha SIXPAC.

-Indicación de se os terreos se atopan en Rede Natura 2000, en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago ou se existen obxectos ou restos materiais que formen parte do rexistro de bens de interese cultural de Galicia.

-Xustificación da coherencia das accións do programa co instrumento de xestión forestal.

3. Todos os documentos descritivos das actuacións que se presenten deberán incluír un plan de defensa da superficie forestal en programa, ou xustificación técnica motivada de que non é necesario.

4. Todos os documentos descritivos das actuacións teñen que incluír como cartografía planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5.000, ou no seu defecto escala 1:10.000. Deberá presentarse esta documentación tanto en formato papel coma dixital.

A planimetría do proxecto, que se presentará no caso de aprobarse a solicitude de axuda, presentárase xeorreferenciada en coordenadas UTM, fuso 29, con referencia ao datum de traballo, en ficheiro DXF, obtido a partir dun plano de escala mínima 1:10.000, e preferentemente 1:5.000. O ficheiro DXF deberá estar estruturado da seguinte maneira:

Elemento do plano	Nivel ou capa	Cor	Observacións
Límite do monte	1	Azul	
Contorno das superficies de actuación:			
-Accións do capítulo II	2	Vermello	
-Accións do capítulo III	3	Morada	
-Accións do capítulo IV	4	Maxenta	
Pistas xa existentes	5	Amarela	
Pistas de nova creación	6	Azul escura	
Pistas arranxadas	7	Azul clara	
Devasas existentes	8	Verde	
Devasas de nova creación	9	Verde escura	
Punto de auga	10	Marrón	Círculo de 2m de $\phi$

Nota: exceptúanse os proxectos de ordenación e plans técnicos de xestión que deberán presentarse co formato especificado no punto 2 do artigo 15.

En caso de agrupacións, incluírase nos planos unha referencia que permita localizar cal é a superficie con que participa cada membro da agrupación.

5. No caso de que os traballos solicitados no documento descritivo das actuacións deban someterse a avaliación de impacto ambiental, segundo o disposto na lexislación vixente, o solicitante deberá iniciar os trámites para a declaración de impacto ambiental.

6. No caso de que as superficies obxecto de actuación se atopen dentro da Rede Natura 2000, zonas de protección lateral do Camiño de Santiago ou existan obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, solicitarase, de forma interna antes da aprobación da axuda, informe dos servizos correspondentes.

7. A lonxitude máxima subvencionable, suma de arranxo e construción de pista forestal, que deberá realizarse dentro da superficie obxecto de actuación será de 40 metros lineais por cada hectárea de actuación.

8. Os puntos de auga que se instalarán deberán ter xustificada a súa viabilidade e idoneidade, debendo ter informe favorable do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais. En caso de que o dito informe sexa desfavorable, non será obxecto de axuda a dita unidade.

9. As condicións técnicas mínimas e as limitacións de uso que deben observarse figuran no anexo VIII.

10. Nos terreos obxecto de subvención, unha vez aprobada a axuda, colocarse en lugar visible desde o acceso, como mínimo, un cartel identificativo, segundo o modelo indicado no anexo XI.

11. Nos terreos obxecto de solicitude de axuda deberá cumprirse en todo caso o disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, e da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

12. Poderán tramitarse peticións de axuda co obxecto de realizar traballos forestais en montes con superficies que teñan suscrito un convenio ou consorcio coa Xunta de Galicia, logo de informe de viabilidade do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais correspondente. En calquera caso, as actuacións que se poidan levar a cabo en superficies consorciadas non poderán afectar ao voo arbóreo.

13. En zonas cun procedemento de concentración parcelaria en execución soamente serán aprobables as axudas solicitadas en terreos en que o acordo de concentración parcelaria sexa firme.

14. Os terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa non poderán beneficiarse destas axudas.

15. Os proxectos presentados deberán ser redactados por un enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal, visados polo correspondente colexio oficial. No caso de enxeñeiro técnico forestal deberá estar visado no colexio da Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAPÍTULO II

MELLORA E RACIONALIZACIÓN DO APROVEITAMENTO DOS RECURSOS FORESTAIS A TRAVÉS DO AUMENTO DO COÑECEMENTO E CONCIENCIACIÓN DOS PROPIETARIOS E XESTORES.

### Artigo 6º.-*Obxecto.*

As axudas previstas neste capítulo teñen por obxecto a mellora dos coñecementos de todos os axentes para permitir un aproveitamento integral dos distintos recursos forestais no marco dunha xestión forestal sustentable e dunha política preventiva de incendios forestais e outros riscos ambientais.

### Artigo 7º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse a estas axudas as asociacións ou mancomunidades de comunidades de montes veciñais en man común, as asociacións de propietarios forestais e de silvicultores ou agrupacións destes formalmente constituídas e outras entidades sen ánimo de lucro relacionadas co sector forestal galego.

2. No caso do artigo 8 punto 1.2., ademais dos especificados no parágrafo anterior, poderán ser beneficiarios das axudas outras entidades, persoas físicas ou xurídicas, relacionadas co sector forestal galego.

3. Os concellos e as súas mancomunidades poderán ser beneficiarios das axudas vinculadas co punto 1.2. do artigo 8 sempre e cando o obxectivo das accións sexa a utilización sustentable das terras forestais a través de investimentos non produtivos e a concienciación e sensibilización da poboación nese ámbito.

4. Os montes veciñais en man común poderán ser beneficiarios das axudas reguladas no punto 1.2. do artigo seguinte.

### Artigo 8º.-*Clase e contía das axudas.*

1. As axudas incluídas neste capítulo poderán consistir en:

1.1. Contratación de persoal técnico competente para a asistencia técnica dos propietarios ou xestores dos montes en materia de xestión forestal sustentable, diversificación da produción forestal e aproveitamento multifuncional.

A subvención será do 80% do custo do contrato no primeiro ano e o 40% a segunda anualidade de contratación.

1.2. Proxectos de formación e información profesional no ámbito do sector forestal galego. Estes proxectos incluírán obrigatoriamente a descrición en detalle e a duración das actuacións que se desenvolverán, que poderán ser, individual ou conxuntamente:

1.2.1. Ensaio, proxectos piloto ou de demostración e outras accións de apoio técnico encamiñadas á definición da mellor xestión forestal e aproveitamento multifuncional do bosque. Estas actuacións implicarán accións sobre o terreo que, aínda podendo circunscribirse ao ámbito dun monte ou parcela, os seus obxectivos e conclusións terán o carácter extrapolable ao conxunto do sector forestal galego que caracteriza as accións e investimentos para o aumento do



coñecemento e concienciación dos propietarios e xestores recollidos no capítulo II desta orde.

A axuda será do 80% dos custos de implantación e seguimento sen superar o máximo de 60.000 € por proxecto.

1.2.2. Accións de formación, divulgación e concienciación en materia de novas tecnoloxías, multifuncionalidade, sustentabilidade e diversificación dos produtos forestais, orientadas ao sector forestal galego.

A axuda será do 100% do custo sen superar o máximo de 30.000 € por acción e 60.000 € por beneficiario.

Poderanse subvencionar os seguintes tipos de actuación:

- Cursos teórico-prácticos.
- Seminarios.
- Accións de divulgación, congresos, feiras, etc.
- Campañas de divulgación e concienciación.
- Visitas formativas.
- Deseño, edición e divulgación de material didáctico.

2. Os proxectos detallarán os medios necesarios para o seu mellor desenvolvemento. Serán gastos elixibles:

a) Custos de elaboración e preparación do material didáctico. A axuda para estas accións será do 80% do custo sen que poida exceder de 15.000 € por acción nin de 30.000 € por beneficiario.

b) Custos de organización e desenvolvemento das accións formativas: gastos de profesorado, materiais, equipos, alugueres, desprazamentos, investimentos materiais ligados estritamente ao desenvolvemento da acción formativa, textos informativos, publicacións, etc.

3. Os investimentos en bens, equipamentos ou instalacións estritamente necesarios para levar a cabo estes programas poderán subvencionarse, de ser o caso, cun 50% do custo.

4. Todas as accións propostas conformarán un único proxecto por solicitude de axuda e no caso de que o orzamento exceda desta contía, o beneficiario deberá priorizar as accións no estudo de valorización integral ou na memoria para o efecto.

5. O importe máximo de subvención para o conxunto de accións enmarcadas no capítulo II será de 120.000 € por beneficiario.

*Artigo 9º.-Compromisos dos beneficiarios e condicións técnicas.*

1. Para as axudas de asesoramento, os beneficiarios deberán cuantificar suficientemente as súas necesidades en asistencia técnica en función do número de explotacións e superficie forestal afectada polo programa que se vai desenvolver.

Os beneficiarios destas axudas deberán cumprir as condicións seguintes:

-Incluír como obxecto social a prestación de asistencia técnica e asesoramento aos propietarios de superficies forestais.

-Dispoñer de equipos técnicos humanos axeitados e acordes coa dimensión, número e tipoloxía das explotacións silvícolas ás cales se pretende asesorar.

-Dispoñer de medios materiais, incluídos os informáticos e telemáticos.

-Acreditar experiencia e fiabilidade en materia de asesoramento forestal.

2. Os beneficiarios comprométese a establecer e aplicar un plan de difusión das técnicas e coñecementos que compoñen os resultados do programa subvencionado, como mínimo entre os asociados da entidade beneficiaria. No caso de que os documentos finais do programa subvencionado sexan relevantes para aplicación na totalidade do sector forestal os beneficiarios autorizan a Administración para a súa difusión técnica.

*Artigo 10º.-Documentación complementaria.*

Coa solicitude de axudas deberá presentarse un documento descritivo das actuacións obxecto do programa específico que se levará a cabo, que conteña o plan de formación e divulgación, a relación de explotacións e superficie afectada, as distintas accións desagregadas e o seu orzamento previsto así como a concreción dos tempos de dedicación do persoal técnico que se vai contratar, segundo proceda.

*Artigo 11º.-Criterios de prioridade.*

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais valorará as solicitudes presentadas en relación con este capítulo de acordo cos seguintes criterios de selección:

a) Número de silvicultores ou beneficiarios directos implicados no programa: ata 5 puntos de baremación.

b) Superficie forestal afectada polo programa: ata 5 puntos de baremación.

c) Ámbito xeográfico de repercusión do programa (local, provincial ou autonómico): ata 5 puntos de baremación.

d) Asociación do programa a superficies forestais certificadas: ata 5 puntos de baremación.

e) Zonas desfavorecidas: 5 puntos.

f) Asociacións de propietarios forestais: 20 puntos.

#### CAPÍTULO III

ACCIÓN DE AUMENTO DO VALOR ECONÓMICO DOS BOSQUES E PROMOCIÓN DA DIVERSIFICACIÓN DAS PRODUCCIÓN.

*Artigo 12º.-Obxecto.*

As accións concretas incentivadas neste capítulo terán como obxectivo a ordenación das superficies forestais e dos aproveitamentos madeireiros e non madeireiros, así como os investimentos forestais

encamiñados á posta en marcha e compatibilización de actividades produtivas complementarias da madeira tales como a gandarfa e a súa base forraxeira, os froitos do bosque, os cogomelos, a biomasa residual, as plantas aromáticas e medicinais, etc.

### Artigo 13º.-Beneficiarios.

1. No caso de ordenacións de montes arborizados, poderán ser beneficiarios os propietarios forestais ou titulares de terreos forestais, ben sexan persoas físicas ou xurídicas de dereito público ou privado.

2. Para estudos de avinza ou acordo de lindes total entre comunidades de montes veciñais en man común poderán ser beneficiarias as propias comunidades ou as súas asociacións e mancomunidades.

3. No caso de proxectos de valorización integral e iniciativas que promovan actividades de valorización integral, poderán ser beneficiarios as comunidades de montes veciñais en man común, as mancomunidades de montes veciñais en man común, as sociedades agrarias de transformación e outras entidades societarias con personalidade xurídica propia previstas na lexislación vixente, agrupacións de propietarios de terreos forestais e as unidades de xestión forestal recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, recoñecidas e aprobadas pola consellería competente en materia forestal.

4. Para comunidades de montes veciñais en man común poderán promoverse iniciativas de valorización integral por parte de subgrupos de comuneiros da comunidade logo de autorización da asemblea xeral desta, de acordo co Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

### Artigo 14º.-Clase e contía das axudas.

1. Os investimentos subvencionables deberán estar recollidos nun proxecto de ordenación, plan técnico de xestión ou proxecto de valorización integral dos recursos.

2. Os proxectos de valorización integral dos recursos consistirán nunha análise técnica das condicións e posibilidades do monte e avaliarán as actividades de máis potencialidade co correspondente estudo económico.

#### 3. Actividades subvencionables:

3.1. Redacción de proxectos de ordenación e plans técnicos de xestión ou revisión xustificada destes por finalización do plan especial, cambios drásticos na cuberta forestal ou obxectivos ou imposibilidade manifesta de levar a cabo as accións recollidas nel.

##### 3.1.1 Proxectos de ordenación de montes arborizados.

I= importe máximo de investimento en euros.

S= hectárea arborizada que se vai ordenar.

I= 300 S<sup>0,7825</sup>

No caso de proxectos de ordenación subvencionábase o 60% do importe de investimento en zonas desfavorecidas ou incluídas na Rede Natura 2000 e o 50% no resto das zonas. Nas revisións de proxectos de ordenación subvencionábase como máximo o 50% do importe de investimento.

##### 3.1.2. Plans técnicos de montes arborizados.

I= importe máximo de investimento en euros.

S= hectárea arborizada que se vai ordenar.

I= 150 S<sup>0,78</sup>

No caso de plans técnicos de montes arborizados subvencionábase o 60% do importe de investimento en zonas desfavorecidas ou incluídas na Rede Natura 2000 e o 50% no resto das zonas. Nas revisións de plans técnicos de montes arborizados subvencionábase como máximo o 50% do importe de investimento.

Nas revisións de proxectos de ordenación ou plans técnicos de xestión poderanse descontar os custos de inventario sempre que se poidan usar os datos de inventarios anteriores.

##### 3.1.3.- Instrumentos de xestión forestal específicos (Ixf) das unidades de xestión forestal (Uxf).

Os requirimentos técnicos serán os mesmos que os expresados para os plans técnicos de xestión, debendo cumprir ademais co que na normativa específica se desenvolva.

O nivel de incentivo e o importe máximo do investimento serán os mesmos que para os plans técnicos de xestión.

##### 3.1.4. Compromiso cos documentos de planificación.

A concesión da axuda para os traballos recollidos neste punto 3.1. compromete os beneficiarios a levar a cabo investimentos recollidos nos documentos de planificación nun prazo máximo de cinco anos, coa obriga de comunicar o inicio por escrito á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

##### 3.2. Estudos para avinza ou acordo de lindes total entre CMVMC.

Estes estudos subvencionábase ata o 60% do seu custo en zonas desfavorecidas ou incluídas na Rede Natura 2000, e ata o 50% no resto das zonas, coa seguinte limitación:

P= importe máximo en euros.

L= km de linde.

P= 552 (L+3)<sup>0,98</sup>

Á cantidade obtida anteriormente, sumarase as seguintes cantidades por marco:

-Marco de primeira orde: 30 €.

-Marco de segunda orde: 20 €.

3.3. Estudos de valorización integral dos recursos forestais.

Estes estudos serán necesarios para apoiar investimentos encamiñados á consecución dos obxectivos desta orde cunha visión de conxunto, tanto para implantar e mellorar os aproveitamentos complementarios coma para a posta en valor dos usos públicos.

O importe máximo do custo subvencionable da redacción destes proxectos será de 6.000 € que se xustificarán na memoria técnica.

Os contidos mínimos están recollidos no anexo VII, debendo ser coherentes cos instrumentos de planificación da superficie.

Para o caso concreto de agrupacións de propietarios de terreos forestais que conformen unha comisión promotora de Uxfor, estes estudos poderán incluír os traballos de investigación da propiedade, de consolidación de estatutos e de definición da ordenación do espazo forestal para as infraestruturas preventivas.

A concesión da axuda para estes obxectivos compromete os beneficiarios a levar a cabo algún dos investimentos materiais dos recollidos nos estudos nun prazo máximo de cinco anos, coa obriga de comunicar o seu inicio por escrito á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

As axudas serán do 60% en zonas desfavorecidas ou incluídas na Rede Natura 2000, e do 50% no resto das zonas.

#### 3.4. Iniciativas de valorización integral do monte.

Estas iniciativas terán como obxectivo un mellor aproveitamento dos recursos do monte así como a ordenación dos distintos usos e a promoción de accións colectivas neste marco e no da prevención de incendios forestais como medida complementaria de protección.

Neste punto as axudas serán do 60% en zonas desfavorecidas ou incluídas na Rede Natura 2000 e do 50% no resto das zonas, sen superar o importe máximo de 120.000 € por proxecto. Poderanse subvencionar os seguintes investimentos:

##### 3.4.1. Proxectos silvopastorais.

-A mellora da estrutura da masa arbórea para o seu aproveitamento por pastoreo baixo arboredo.

-A instalación de peches perimetrais para manexo de gando e protección das repoboacións, así como as estruturas de parcelación interior.

-Instalacións e construcións integradas para o manexo gandeiro e forestal.

-Bebedoiros e balsas de auga con capacidade e deseño tal que poidan ser utilizadas como puntos de auga para a extinción de incendios forestais.

-Rozas e queimas controladas.

-Plantacións no marco axeitado para a compatibilización das producións, permitindo o control do mato mediante o pastoreo.

-Implantación de pasteiros de estrita necesidade para compatibilizar as producións desde un punto de vista integral.

3.4.2. Outros proxectos de aproveitamentos complementarios: froitos do bosque (castaña, noz, pequenos froitos...), semente forestal, cogomelos, plantas medicinais, mel, etc.

-Instalación de peches e sinalizacións para delimitar as zonas de produción.

-Accións silvícolas para mellora da produción e colleita dos aproveitamentos.

-Implantación ou mellora de masas de especies froiteiras forestais tanto arbóreas coma arbustivas, así como daqueles outros aproveitamentos non madeireiros obxecto do programa de valorización.

-Instalacións e construcións necesarias para a correcta xestión e compatibilización das producións.

3.4.3. Programas colectivos de ordenación de recursos forestais.

Nesta liña de axudas preténdese impulsar o apoio das accións de diversificación das producións forestais e a multifuncionalidade mediante a necesaria análise e implementación de medidas de silvicultura, ordenación forestal e infraestruturas necesarias para unha xestión forestal sustentable e protección do programa de investimentos.

Serán subvencionables as seguintes accións sempre e cando estean asociadas a un proxecto de valorización integral:

-Aproveitamento da biomasa residual con fins enerxéticos ou de compostaxe.

-Accións silvícolas e de organización das superficies forestais (rareos, rozas, podas, cortas, devasas, plantacións, etc).

-Puntos de auga.

-Pistas forestais, accesos e outras infraestruturas necesarias.

O investimento máximo subvencionable será xustificable mediante memoria técnica independentemente do especificado no artigo seguinte.

#### Artigo 15º.-Condicións dos investimentos.

1. Superficies mínimas e máximas para solicitar as axudas.

1.1. Para proxectos de ordenación ou revisións destes a superficie mínima autorizada que se ordenará será de 50 ha e para plans técnicos ou revisións destes a superficie mínima que se ordenará será de 15 ha arborizadas cunha masa que supere os cinco anos de idade. A superficie máxima que se ordenará será de 250 ha para plans técnicos de montes arborizados, salvo que a espesura defectiva ou estado de

inmadurez das masas non faga recomendable a redacción dun proxecto de ordenación. Non se fixa superficie máxima para proxectos de ordenación. Tampouco se fixa superficie máxima para a revisión, tanto de proxectos de ordenación coma de plans técnicos de montes arborizados.

1.2. Non se fixa superficie máxima para os estudos e proxectos de valorización integral dos recursos forestais.

1.3. Para iniciativas que promovan actividades de valorización integral a superficie mínima obxecto do programa será de 10 ha.

## 2. Outras condicións técnicas dos investimentos.

2.1. Os proxectos de ordenación e plans técnicos de montes arborizados ou as revisións destes deberán ser redactados por un enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal, visados polo correspondente colexio oficial, -no caso de enxeñeiro técnico forestal deberá estar visado no colexio da Comunidade Autónoma de Galicia-, e axustarse ao establecido na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e o Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes no que non se opoña ao previsto nesta lei, así como ás ordes ministeriais do 29 de decembro de 1970 e do 29 de xullo de 1971. Nestes documentos constará o consentimento e o compromiso da propiedade do monte para executar o disposto no seu contido. Así mesmo, deberán cumprir coas directrices e formatos especificados nas instrucións para a estrutura e codificación de proxectos de ordenación e plans técnicos de xestión dispoñibles na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Co proxecto de ordenación ou plan técnico ou a revisión destes, entregarase un anexo onde figure o cálculo do erro da mostraxe e da posibilidade, así como o sistema empregado para a marcaxe das árbores nas parcelas de mostraxe e a xustificación de que é un sistema permanente e facilmente identificable.

As parcelas de mostraxe levantadas no inventario deberán quedar identificadas de tal xeito que se posibilite o seu control posterior. Para tal efecto marcaranse perimetralmente, do xeito sinalado no anexo ao proxecto ou plan técnico ou revisión destes, á altura do diámetro normal as cinco árbores máis próximas ao centro da parcela.

A superficie que se ordenará deberá ser a totalidade da superficie do monte.

No caso de proxectos de ordenación, polo menos un 25% da superficie arborizada ocupada pola especie principal ou principais, terá unha idade superior ás dúas terceiras partes da súa quenda, excepto masas de *Pinus sylvestris* onde terá unha idade superior a 40 anos.

Nos proxectos de ordenación e plans técnicos ou nas revisións destes, no derradeiro punto do plan especial, titulado balance económico, deberán ter presentes todos os ingresos e gastos íntegros, independentemente do financiamento, e non contar con

futuras subvencións ou préstamos adiantados. De igual xeito, o estudo de viabilidade económica que o acompañará, operará co mesmo criterio no cálculo de fluxos de caixa, valor actualizado neto ou taxa interna de rendemento.

As revisións dos proxectos de ordenación ou plans técnicos de montes arborizados soamente poderán solicitarse naqueles casos en que se cumprira o plan especial ou se xustificuen debidamente os motivos da revisión.

No caso de ordenacións de montes arborizados ou revisións, unha vez finalizado ao inventario deberase comunicar, por escrito, ao distrito correspondente para que este emita informe favorable e no caso de montes conveniados unha vez finalizada a redacción do plan xeral deberá existir un informe favorable do distrito.

2.2. Para estudos de avinza ou acordo de lindes total entre comunidades de montes veciñais en man común, realizados por enxeñeiro técnico forestal ou enxeñeiro de montes, presentarase un levantamento topográfico realizado por técnico competente, visado polo correspondente colexio oficial. Procederase á elaboración de actas do acordo sobre o terreo, nas cales se describan detalladamente os lindes do monte e a súa colindancia. Estas actas serán asinadas tanto polos estremeiros coma polo enxeñeiro operador, formalizando a avinza mediante elevación a público do acordo ou acto conciliatorio ante notario ou xuíz de paz, achegando os acordos das asembleas xerais e actas e planos subscritos polo enxeñeiro operador e propietarios. Posteriormente, procederase á remisión de copia do expediente ao rexistro de montes veciñais en man común da delegación provincial.

Marcarase *in situ* cada vértice de xeito permanente e no acordo final de lindes que se presentará xunto co remate dos traballos obxecto de axuda, presentarase fotografías dos vértices e xeorreferenciaranse.

Por cada km de linde, poñerase polo menos un marco de primeira orde e 4 de segunda orde.

### Artigo 16º.-*Criterios de prioridade.*

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais valorará as solicitudes presentadas en relación con este capítulo de acordo cos seguintes criterios de selección:

- a) Número de silvicultores ou beneficiarios directos implicados no programa: ata 5 puntos.
- b) Superficie forestal afectada polo programa: ata 5 puntos.
- c) A condición de MVMC: 5 puntos.
- d) Superficie forestal certificada: ata 5 puntos.
- e) Plan de prevención de incendios: 5 puntos.
- f) Superficie de actuación consolidada por un proceso de concentración parcelaria: 5 puntos.



g) Superficie de actuación consolidada pola constitución dunha unidade de xestión forestal da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia: 10 puntos.

h) Zonas desfavorecidas: 5 puntos.

i) Repercusión do programa na creación e mantemento de emprego rural: ata 5 puntos.

j) Programa de valorización integral que desenvolve accións dos capítulos III e IV: 5 puntos.

#### CAPITULO IV

##### ACCIONES DE POSTA EN VALOR DOS USOS PÚBLICOS DOS ESPAZOS FORESTAIS.

Artigo 17º.-*Obxecto.*

As axudas previstas neste capítulo terán como obxecto incentivar investimentos non produtivos que promovan o valor de recreo público das áreas forestais e que permitan o desenvolvemento da multifuncionalidade do monte como elemento protector.

Será un obxectivo específico deste punto a aplicación de medidas de conservación e mellora da paisaxe e dos hábitats importantes para a flora e fauna silvestres, especialmente en superficies declaradas como Rede Natura 2000.

Artigo 18º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas do capítulo IV desta orde as comunidades de montes veciñais en man común, as mancomunidades de montes veciñais en man común, asociacións sen ánimo de lucro, agrupacións de propietarios de terreos forestais e as unidades de xestión forestal recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, recoñecidas e aprobadas pola consellería competente en materia forestal, así como os concellos e as súas mancomunidades.

Artigo 19º.-*Clase e contía das axudas.*

1. As axudas concedidas para atender as solicitudes presentadas en relación con este capítulo IV serán do 80% dos investimentos.

2. O custo máximo subvencionable por proxecto será de 60.000 €.

3. As accións subvencionables que conformen o programa poderán ser:

a) Creación e restauración de ámbitos forestais de alto valor paisaxístico e de conservación da biodiversidade, a través da implantación e mellora de masas forestais fundamentalmente de frondosas autóctonas. A superficie máxima de actuación será de 5 ha para o caso de primeira instalación da masa e de 10 ha para o caso de mellora das masas mediante actuacións silvícolas ou de densificación:

b) Creación e mellora de pequenas instalacións para o fomento do uso social e divulgativo do monte e a mellora da concienciación e comprensión da

importancia dos valores ambientais dos espazos forestais:

-Centros de uso divulgativo e de interpretación forestal.

-Itinerarios autoguiados, rutas.

-Espazos de uso sociorrecreativo.

-Outras accións de posta en valor dos aspectos sociais e turísticos das masas forestais.

Artigo 20º.-*Condicións técnicas dos investimentos.*

1. As accións de posta en valor dos usos públicos e sociais dos espazos forestais regulados neste capítulo deberán estar recollidos con carácter integrador nun estudo ou proxecto de valorización integral dos recursos forestais.

Estes proxectos estarán asinados por técnico competente e visados polo correspondente colexio oficial e presentarase sinatura de conformidade dos propietarios.

2. En caso de existir proxectos de ordenación ou plan técnicos de xestión do monte aprobados pola Administración deberá presentarse a modificación do plan especial e, se é o caso, do plan xeral.

3. As accións que supoñan traballos silvícolas ou de forestación estarán suxeitos ás condicións técnicas recollidas no artigo 5.

4. A superficie mínima obxecto do programa será de 10 hectáreas.

Artigo 21º.-*Criterios de prioridade.*

As accións e investimentos recollidos nas solicitudes de axudas serán valoradas de acordo co seguinte criterio para a súa prioridade.

a) Número de beneficiarios directamente implicados no programa: ata 5 puntos.

b) Superficie forestal afectada polo programa: ata 5 puntos

c) A condición de MVMC: 5 puntos.

d) Superficie forestal certificada: ata 5 puntos.

e) Plan de prevención de incendios: 5 puntos.

f) Superficie de actuación consolidada por un proceso de concentración parcelaria: 5 puntos.

g) Superficie de actuación consolidada pola constitución dunha unidade de xestión forestal da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia: 15 puntos.

h) Zonas desfavorecidas: 5 puntos.

i) Repercusión do programa na creación e mantemento de emprego rural: 5 puntos.

j) Programa de valorización integral que desenvolve accións dos capítulos III e IV: 5 puntos.

k) Superficie incluída na Rede Natura 2000: 20 puntos.

CAPÍTULO V  
XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 22º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes das axudas deberán ser cubertas nos modelos formalizados para o efecto, segundo consta no anexo I, facilitados polos órganos periféricos e centrais da Consellería do Medio Rural. Estas solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería do Medio Rural, nas súas delegacións provinciais ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, e irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural.

2. Os impresos de solicitude, total e correctamente cubertos, deberán ir necesariamente acompañados da documentación abaixo relacionada.

a) En xeral:

-Fotocopia do DNI, NIF ou CIF do beneficiario.

-Documento descritivo das actuacións.

-Declaración do beneficiario do conxunto de todas as solicitudes de axuda percibidas, solicitadas ou autorizadas para o mesmo proxecto ou actividade, ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos e de non estar incurso en circunstancias de inhabilitación para a percepción de axudas conforme ao artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).

-Ficha SIXPAC das parcelas obxecto de solicitude de axuda e anexo IV debidamente cuberto.

b) Para todo tipo de titulares de terreos, excepto comunidades de montes veciñais en man común:

-No caso de ser propietario dos terreos: fotocopia do título de propiedade ou declaración xurada do titular da propiedade. Na dita declaración farase constar: nome, apelidos e DNI do propietario, nome dos predios, lindeiros, superficies obxecto dos traballos e localización deles. No suposto de que o terreo sexa propiedade de varios copropietarios (proindiviso), presentarase ademais documento privado en que se acredite o consentimento de todos os copropietarios e a designación dun solicitante / representante e que todos os copropietarios asumen os compromisos e obrigas desta orde. No caso de concentracións parcelarias sen títulos, presentarase un certificado do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias e no caso de non dispor do dito certificado presentarase unha declaración xurada de propiedade e unha fotocopia da solicitude de dito certificado.

c) Para comunidades de montes veciñais en man común:

-Certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario, conforme se autoriza ao presidente da comunidade a pedir axudas á Consellería do Medio Rural, para a execución das accións obxecto da solicitude.

d) Documentación complementaria.

Para agrupacións de propietarios particulares:

-Anexo V desta orde debidamente cuberto.

-No caso de agrupacións legalmente constituídas: CIF e documento acreditativo da súa constitución onde consten as persoas que forman parte da dita agrupación.

-No caso de cooperativas agrarias: copia dos estatutos.

-No caso de comunidades de bens: documentación acreditativa do nomeamento dun representante e de que todos os copropietarios asumen os compromisos e obrigas desta orde.

No caso de que se modifiquen as porcentaxes máximas de subvención na súa resolución aprobatoria, de acordo cos artigos 20, 21 e 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentarse por parte do beneficiario a aceptación por escrito das axudas segundo o anexo II.

3. Deberá empregarse un impreso de solicitude por cada provincia e capítulo, excepto no caso de accións de formación, divulgación ou asesoramento, nas cales o ámbito de actuación dunha solicitude poderá exceder a provincia. Poderanse presentar solicitudes para todos os capítulos da orde dos que se poida ser beneficiario.

Artigo 23º.-*Prazos.*

O prazo de presentación de solicitudes será como mínimo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria anual, quedando expresamente reflectido na convocatoria anual da axuda.

Artigo 24º.-*Tramitación.*

1. Unha vez presentada a solicitude revisarase a súa documentación e no caso de que conteña defectos ou omisións non esenciais, seralle requirida ao solicitante a emenda, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles para facelo, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, con indicación de que se así non o fixese teráselle por desistido da súa petición logo de resolución en tal sentido, arquivándose o expediente sen máis trámite cos efectos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

2. Xunto coa solicitude de axuda presentarase un documento descritivo das actuacións que se levarán cabo e cando a axuda solicitada sexa aprobada, no caso de que se trate de accións sobre o terreo dos capítulos III e IV, presentarase un proxecto, no prazo máximo dun mes, cos mesmos datos que o documento descritivo. Nestes casos nomearase un director de obra.

3. O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de axudas é a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Os servizos provinciais de Montes e Industrias Forestais proporánlle

ao órgano colexiado composto polo xefe de Servizo de Planificación e Valorización do Monte e por dous funcionarios da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais (un deles actuará como secretario), a aprobación das solicitudes presentadas que cumpran todos os requisitos desta orde; o órgano colexiado valorará as solicitudes de axuda segundo os criterios de prioridade establecidos nos artigos correspondentes segundo proceda e emitirá un informe ao director xeral de Montes e Industrias Forestais que pola súa vez elevará a proposta de concesión ao conselleiro do Medio Rural. O conselleiro do Medio Rural resolverá sobre a aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

4. Previamente á concesión da axuda faranse as comprobacións necesarias para comprobar que o beneficiario está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

5. A Consellería do Medio Rural comunicará no prazo máximo de seis meses, que se poderá ampliar, segundo o indicado no artigo 49 da Lei 30/1992, a aprobación e contía das axudas ou a denegación razoada da solicitude.

6. No caso de non recaer resolución expresa nun prazo de seis meses a partir da data de entrada en vigor desta orde, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999. Estas resolucións serán notificadas a cada un dos solicitantes dentro do prazo de 10 días seguintes á toma do acordo.

Contra a resolución aprobatoria ou denegatoria, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición do recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben cabe ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 e o artigo 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Cando se considere necesario, polo contido da resolución de aprobación da axuda, poderá pedirse a aceptación por escrito dos beneficiarios, segundo o anexo II, cun prazo de 10 días naturais desde a notificación da resolución, de todas as condicións, requisitos e cláusulas establecidas nas bases reguladoras, na convocatoria e na resolución.

#### Artigo 25º.-*Execución e xustificación.*

1. Na resolución indicárase o prazo para a execución dos traballos que con carácter xeral non será inferior a dous meses.

2. Nun prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución de aprobación deberase presentar o correspondente proxecto e o nomeamento do director de obra segundo o indicado no artigo anterior.

En cumprimento do disposto no artigo 29 punto 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do devandito prazo dun mes, cando o importe do investimento supere os 30.000 euros no caso de custo por execución de obra e de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores e presentalas as xunto co proxecto. A elección entre as ofertas presentadas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

3. O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, a actividade subvencionada. No caso de que o importe que se vai subcontratar sexa maior do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se subscriba por escrito.

b) Que a súa subscripción a autorice previamente a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais logo de solicitude do interesado. Esta autorización outorgarase de forma expresa no prazo de 15 días seguintes á dita solicitude. Transcorrido ese prazo sen que haxa resolución expresa entenderase concedida a autorización para a subcontratación solicitada.

4. Nos casos de axudas para a adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, as entidades beneficiarias destinarán estes ao fin concreto para o que se concedeu a axuda, por un período mínimo de cinco anos, en caso de bens inscrites nun rexistro público e dous anos como mínimo no resto dos bens. En todo caso as entidades beneficiarias das axudas estarán suxeitas ao establecido no artigo 31.4º da Lei xeral de subvencións.

Por outra parte, cando proceda, de acordo co Regulamento CE 1974/2006, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), estableceranse as contías das axudas baseándose en custos estándar e módulos máximos.

5. Cando se trate de investimentos materiais realizarase unha inspección no campo por funcionarios da Consellería do Medio Rural, para verificar as superficies, comprobar os datos da solicitude e com-

probar a viabilidade dos traballos. Esta inspección poderase realizar antes da resolución de aprobación.

A modificación do investimento deberá ser xustificada e exixirá autorización previa da Consellería do Medio Rural, por proposta da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais logo de proposta dos Servizos de Montes e Industrias Forestais, de conformidade co disposto no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

6. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por funcionarios da Consellería do Medio Rural, distintos dos que realizaron a inspección en campo.

Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realizase un menor número de unidades de obra das aprobadas.

7. As prórrogas serán solicitadas motivadamente e cun mes de antelación á terminación do prazo para a execución dos traballos. Terán unha duración máxima de seis meses e serán propostas polos Servizos de Montes e Industrias Forestais, ao director xeral de Montes e Industrias Forestais quen elevará proposta ao conselleiro do Medio Rural que resolverá.

8. Para instrumentos de ordenación de montes de xestión pública requirirase informe favorable do técnico de distrito forestal.

9. Xunto coa notificación de remate dos traballos achegarase a seguinte documentación:

-Facturas polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro. No caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios deberá presentar un documento xustificativo desta circunstancia e os xustificantes dos gastos e custos desagregados dos traballos realizados. A suma destes conceptos deberá ser igual ao importe total do investimento.

-De acordo co artigo 26.5º do Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) no 1698/2005 do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, presentarase a factura definitiva e o xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc), no que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 3.000 euros; neste caso o pagamento xustificarse mediante certificación expresa, asinada, datada e cuñada polo

provedor, na cal se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do provedor de someterse ás actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento. Esta certificación acompañará á factura preceptiva.

Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros, admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo provedor na que figure a expresión recibín en metálico.

-Facturas da planta empregada que deberá ser preferentemente de procedencia galega, excepto os híbridos.

-Certificación bancaria a nome do titular do terreo. No caso de agrupacións, nesta conta deberán ser titulares conxuntos todos os titulares que formen parte da agrupación.

-Declaración doutras axudas solicitadas ou percibidas para os mesmos fins.

-Aval bancario no caso de pagamento de anticipos para axudas totais aprobadas maiores de 30.050,61 euros, que deberá axustarse ao regulado no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas.

-No suposto de contratación de asistencia técnica segundo o artigo 8 a), achegarase copia dos contratos TC 1 e TC 2 e das nóminas dos traballadores.

-No caso de instrumentos de xestión forestal xuntarse a solicitude do propietario para a súa aprobación e rexistro. No caso de CMVMC esta solicitude deberá estar avalada pola asemblea xeral.

-Memoria xustificativa da correcta execución dos traballos subvencionados, recollendo documentos acreditativos dos importes asociados ás distintas accións realizadas.

-Para accións do capítulo II, plan de divulgación relacionado no artigo 9, coa relación de accións efectivamente executadas.

10. Previamente á execución do pagamento faranse as comprobacións necesarias para comprobar que o beneficiario está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 26º.-Perda da axuda.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para efectos de perda da axuda ou reintegro tamén será de aplicación o 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade



en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

**Artigo 27º.-Reintegros.**

1. Procederá o reintegro da axuda, total ou parcialmente, nos supostos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Execución de menos do 80% das accións previstas, sen autorización previa ou causa xustificada de forza maior.

b) Non presentar nun prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución de aprobación o proxecto visado e o nomeamento do director de obra segundo o especificado no artigo 24º.

c) Incumpriren as disposicións contidas no Regulamento 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

2. Nos casos de anulación ou minoración por certificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderán ser adxudicadas a outros peticionarios de acordo coa relación de prioridades e orde establecida.

3. Naqueles supostos nos cales o importe das subvencións recibidas polo beneficiario excedan os custos da actividade procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

4. Serán casos de forza maior, de conformidade co disposto no artigo 47 do Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión do 18 de decembro de 2006:

-Falecemento do beneficiario.

-Incapacidade profesional de longa duración do beneficiario.

-Expropiación dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que se subscribiu o compromiso.

-Calamidades naturais graves que afecten seriamente a superficie de actuación.

A notificación dos casos de forza maior e as probas relativas a eles deberán realizarse por escrito e nun prazo de dez días hábiles, contados desde a data en que se produciu o caso de forza maior.

**Artigo 28º.-Financiamento.**

1. As accións previstas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias da Dirección

Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural que se detallarán na convocatoria de cada ano.

2. Os fondos utilizados serán Feader e outros fondos da Administración estatal ou autonómica que figuren na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

3. No que respecta aos fondos con cofinanciamento comunitario de Feader estarán asociados ao desenvolvemento de accións das seguintes medidas do programa de desenvolvemento rural de Galicia segundo o Regulamento (CE) 1698/2005:

-Fomento do coñecemento e mellora do potencial humano a través de información e formación profesional e da implantación de servizos de asesoramento.

-Aumento do valor económico dos bosques.

-Utilización sustentable das terras forestais a través de investimentos non produtivos.

En concreto, as accións de asistencia técnica do punto 8.1º.1. do capítulo II e os estudos de avinza do punto 14.3º.2. do capítulo III non se subvencionarán con cargo a fondos Feader.

**Artigo 29º.-Controis.**

1. A Consellería do Medio Rural realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería do Medio Rural, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas.

3. Non se poderá efectuar ningún pagamento sen realizar previamente os controis preceptivos, tanto administrativos como sobre o terreo, de acordo co plan anual de controis segundo o establecido no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro de 2006.

**Artigo 30º.-Infraccións e sancións.**

Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro de 2006.

Ademais, en materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o disposto no Decreto 287/2000, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 31º.-Alteración de condicións.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso para a obtención concorrente de subvencións ou axudas

outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 32º.-*Obrigas.*

1. O beneficiario da axuda está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. No caso de achado casual de obxectos e restos materiais que posúan valores que son propios do patrimonio cultural galego, o descubridor deberá comunicarllo inmediatamente á Consellería de Cultura e Deporte de conformidade coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, pola que se regula o patrimonio cultural de Galicia.

3. As actuacións na zona lateral de protección do camiño de Santiago, serán comunicadas polo solicitante á Consellería de Cultura e Deporte, co obxecto de contar coa súa autorización logo de conformidade coa Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.

4. Nas accións relativa ao capítulo IV o beneficiario comprométese a poñer á disposición de uso público as superficies que fosen obxecto de intervención.

Artigo 33º.-*Avaliación de impacto ambiental.*

De conformidade co disposto no artigo 1 punto 2 da Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, fíxanse os limiares de acordo cos criterios do seu anexo III, por debaixo dos cales as actuacións que se realicen ao abeiro desta orde non deben someterse a avaliación de impacto ambiental:

1. Superficie de actuación menor de 50 ha.

2. Superficie de actuación continua acumulada con outros proxectos realizados ao abeiro de convocatorias de axudas anteriores menor de 1.000 ha.

Artigo 34º.-*Medidas informativas e publicitarias das axudas cofinanciadas polo Feader.*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural farase constar que, á marxe doutras fontes de financiamento público, concorre o financiamento con fondos Feader.

2. Conforme o carácter público do financiamento da actividade subvencionada, o beneficiario estará obrigado a dar a axeitada publicidade desta circunstancia, para o que adoptará as medidas que, en cumprimento da normativa comunitaria, se especificarán na resolución de concesión.

3. Na resolución da concesión da axuda relacionaranse, de ser o caso, as obrigas de difusión e publi-

cidade que asume o beneficiario ao ser receptor da subvención e, en particular:

a) A procedencia do financiamento dos fondos.

b) A advertencia de que os seus datos persoais serán obxecto das publicacións legalmente establecidas.

c) Os medios publicitarios que cabe adoptar, de ser o caso, para facer visible ante o público a orixe do financiamento da axuda.

CAPÍTULO VI  
CONVOCATORIA PARA O ANO 2008

Artigo 35º.-*Convocatoria.*

Convócase para o exercicio orzamentario 2008, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013.

Artigo 36º.-*Presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 37º.-*Financiamento.*

1. As axudas reguladas nesta orde estarán financiadas no exercicio 2008 e 2009 con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Ano 2008:

-11.06.713-A.760.0 (50.000 €).

-11.06.713-A.770.0 (905.471,66 €).

-11.06.713-A.780.0 (630.000 €).

Ano 2009:

-11.06.713-A.760.0 (350.000 €).

-11.06.713-A.770.0 (1.650.000 €).

-11.06.713-A.780.0 (700.000 €).

2. Estes importes poderanse ver incrementados con fondos comunitarios, da Administración do Estado ou da comunidade autónoma.

3. O crédito correspondente a cada aplicación orzamentaria distribuirase como se detalla a continuación:

-11.06.713-A.760.0:

60% accións do capítulo II.

40% accións do capítulo IV.

-11.06.713-A.770.0.

a) En función do tipo de accións subvencionadas:

Accións do capítulo II, excepto accións de asistencia técnica da alínea a) do artigo 8.1º: 600.000 €.

Accións do capítulo III, artigo 14, puntos 3.1º, 3.2º e 3.3º e accións de asistencia técnica da alínea a) do artigo 8.1º do capítulo II: 877.368,44 €.

Accións do capítulo III, artigo 14, punto 3.4: 1.078.103,22 €.

b) En función do tipo de beneficiario:

Capítulo II:

CMVMC: 25%.

Organizacións e asociacións do sector forestal: 60%.

\*utros beneficiarios: 15%.

Capítulo III:

CMVMC: 40%.

Agrupacións de propietarios forestais: 40%.

Outros beneficiarios: 20%.

-11.06.713-A.780.0.

a) En función do tipo de acción subvencionada:

-60% accións do capítulo IV na Rede Natura 2000.

-40% accións do capítulo IV fóra da Rede Natura 2000.

b) En función do tipo de beneficiario:

-Comunidades de montes veciñais en man común: 40%.

-Agrupacións de propietarios forestais: 40%.

-Outros: 20%.

3. Para atender ás agrupacións de propietarios forestais que conformen unha comisión promotora de unidade de xestión forestal (Uxfor) e que teñan tramitada unha solicitude de creación de Uxfor ao abeiro do Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia (DOG nº 96, do 20 de maio), resérvase unha dotación orzamentaria distribuída do seguinte modo:

Accións do capítulo III, artigo 14, puntos 3.1º, 3.2º e 3.3º: 200.000 €.

Accións do capítulo III, artigo 14, punto 3.4º: 200.000 €.

Accións do capítulo IV: 200.000 €.

4. Cando as solicitudes presentadas non cubran a totalidade do importe destinado a cada punto os sobrantes de crédito poderán distribuírse aos outros puntos, de ser o caso.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-As axudas concedidas nesta orde son incompatibles con outras subvencións de calquera

administración pública e con calquera outro réxime de axudas comunitarias.

Segunda.-As axudas para asesoramento e asistencia técnica reguladas no artigo 8.1º.1. están acollidas ao réxime *de minimis* establecido no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE do 28 de decembro), polo que os beneficiarios non poderán recibir subvencións acollidas a ese mesmo réxime por importe superior a 200.000 euros nun período de tres anos.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina.

Cuarta.-En todo o non previsto nesta orde aplicase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os regulamentos comunitarios 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), Regulamento 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento 1698/2005 e o Regulamento 1975/2006 da Comisión do 7 de decembro de 2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Quinta.-De acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo (DOG nº 53, do 9 de agosto), de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar todas as disposicións complementarias co obxecto de executar esta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

## Concellos en zonas desfavorecidas

CÓDIGO	CONCELLO
<b>A CORUÑA</b>	
1503003	ARANGA
1503006	ARZÚA
1503010	BOIMORTO
1530018	CAPELA, A
1501022	CEDEIRA
1503024	CERCEDA
1501025	CERDIDO
1501027	COIRÓS
1503032	CURTIS
1503038	FRADES
1503039	IRIXOA
1501044	MAÑÓN
1503046	MELIDE
1503047	MESÍA
1503050	MONFERO
1503059	ORDES
1503060	OROSO
1501061	ORTIGUEIRA
1503066	PINO, O
1503070	P. GARCÍA RODRÍGUEZ, AS
1501076	SAN SADURNIÑO
1503079	SANTISO
1503080	SOBRADO
1503081	SOMOZAS, AS
1503083	TOQUES
1503084	TORDOIA
1503085	TOURO
1503086	TRAZO
1503088	VAL DO DUBRA
1503090	VILASANTAR
1501091	CARIÑO
<b>LUGO</b>	
2702001	ABADÍN
2701002	ALFOZ
2703003	ANTAS DE ULLA
2704004	BALEIRA
2704901	BARALLA
2704006	BECERREA
2702007	BEGONTE
2705008	BÓVEDA
2705009	CARBALLEDO
2702010	CASTRO DE REI
2703011	CASTROVERDE
2704012	CERVANTES
2705016	CHANTADA
2703014	CORGO, O
2702015	COSPEITO
2705017	FOLGOSO DO COUREL
2704018	FONSAGRADA, A
2703020	FRIOL
2702021	XERMADE
2702022	QUITIRIZ
2703023	GUNTÍN
2703024	INCIO, O
2703026	LÁNCARA
2703028	LUGO
2702029	MEIRA
2701030	MONDOÑEDO
2705031	MONFORTE DE LEMOS
2703032	MONTERROSO
2702033	MURAS
2704034	NAVIA DE SUARNA
2704035	NEGUEIRA DE MUÑIZ
2704037	NOGAIS, AS
2701038	OUROL
2701039	OUTEIRO DE REI
2703040	PALAS DE REI
2705041	PANTÓN
2703042	PARADELA
2703043	PÁRAMO, O
2702044	PASTORIZA, A
2704045	PEDRAFTA
2702046	POL
2705047	POBRA DE BROLLÓN, A
2701048	PONTENOVA, A
2703049	PORTOMARÍN
2705050	QUIROGA
2703056	RÁBADE
2705052	RIBAS DE SIL
2702053	RIBEIRA DE PIQUÍN
2701054	RIOTORTO
2703055	SAMOS
2703057	SARRIA
2705058	SAVIÑO, O
2705059	SOBER
2705060	TABOADA

2704062	TRICASTELA
2701063	VALADOURO, O
2702065	VILLALBA
<b>OURENSE</b>	
3201001	ALLARIZ
3201002	AMOEIRO
3201003	ARNOIA, A
3201004	AVIÓN
3203005	BALTAR
3203006	BANDE
3203007	BAÑOS DE MOLGA
3201008	BARBADÁS
3202009	BARCO, O
3201010	BEADE
3201011	BEARIZ
3203012	BLANCOS, OS
3201013	BOBORÁS
3201014	BOLA, A
3202015	BOLO, O
3203016	CALVOS DE RANDÍN
3202017	CARBALLEDA
3201018	CARBALLEDA DE AVIA
3201019	CARBALLIÑO, O
3201020	CARTELLE
3201022	CASTRELO DE MIÑO
3203021	CASTRELO DE VAL
3202023	CASTRO CALDELAS
3201024	CELANOVA
3201025	CENLLE
3202029	CHANDREXA DE QUEIXA
3201026	COLES
3201027	CORTEGADA
3203028	CUALEDRO
3203030	ENTRIMO
3201031	ESGOS
3201033	GOMESENDE
3202034	GUDIÑA, A
3201035	IRIXO, O
3203036	XUNQUEIRA DE AMBÍA
3202038	LAROUCO
3203039	LAZA
3201040	LEIRO
3203041	LOBEIRA
3203042	LOBIOS
3203043	MACEDA
3202044	MANZANEDA
3201045	MASIDE
3201046	MELÓN
3201047	MERCA, A
3201048	MEZQUITA, A
3201049	MONTEDERRAMO
3203050	MONTERREI
3203051	MUIÑOS
3201052	NOGUEIRA DE RAMUÍN
3203053	OÍMBRA
3201054	OURENSE
3201055	PADERNE DE ALLARIZ
3201056	PADRENDA
3202057	PARADA DE SIL
3201058	PEREIRO DE AGUIAR, O
3201059	PEROXA, A
3202060	PETÍN
3201061	PIÑOR
3201064	PONTEDEVA
3203062	PORQUEIRA
3202063	POBRA DE TRIVES, A
3201065	PUNXÍN
3201066	QUINTELA DE LEIRADO
3203067	RAIRIZ DE VEIGA
3201068	RAMIRÁS
3201069	RIBADAVIA
3202070	RÍO
3201071	RÍOS
3201072	RÚA, A
3202073	RUBIÁ
3201074	SAN AMARO
3201075	SAN CIBRAO DAS VIÑAS
3201076	CEA
3203077	SANDIÁS
3203078	SARREUS
3201079	TABOADELA
3202080	TEIXEIRA, A
3201081	TOÉN
3203082	TRASMIRAS
3202083	VEIGA, A
3203084	VEREA
3203085	VERÍN
3202086	VIANA DO BOLO
3201087	VILAMARÍN
3202088	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS



3203089	VILAR DE BARRIO
3203090	VILAR DE SANTOS
3203091	VILARDEVÓS
3202092	VILARIÑO DE CONSO
3203032	XINZO DE LIMIA
3201037	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO

**PONTEVEDRA**

3604001	ARBO
3603007	CAMPO LAMEIRO
3603009	CAÑIZA, A
3601011	CERDEDO
3603012	COTOBADÉ
3603013	COVELO
3601014	CRECENTE
3601015	CUNTIS
3601016	DOZÓN
3601017	ESTRADA, A
3601018	FORCAREI
3603019	FORNELOS DE MONTES
3601020	AGOLADA
3601024	LALÍN
3603025	LAMA, A
3604030	MONDARIZ
3604034	NEVES (AS)
3603037	PAZOS DE BORBÉN
3603043	PONTE CALDELAS
3601047	RODEIRO
3601052	SILLEDA
3601059	VILA DE CRUCES

O contido mínimo dos proxectos de valorización integral será o seguinte:

-Memoria.

1. Antecedentes.

2. Estado legal do monte.

a) Existencia de plan de xestión. Condicionantes.

3. Estado forestal. Descrición dos estratos forestais existentes.

4. Situación e aproveitamento das distintas producións forestais no monte obxecto do proxecto e na comarca á que pertence.

5. Xustificación do proxecto.

6. Análise das potencialidades do monte para as distintas producións forestais posibles.

7. Análise técnica e económica das distintas producións e capacidades de carga admisibles para as distintas producións a estudar. Estudo de alternativas.

8. Conclusións do diagnóstico e proposta do programa de valorización.

8. Instalacións necesarias para o programa.

10. Actuacións a desenvolver.

11. Calendario de actuacións.

12. Orzamento.

-Prego de condicións técnicas particulares.

-Estudo básico de seguridade e saúde (se procede).

-Planos de localización, situación, estrutura das masas forestais e actuacións para cada ano.

Os documentos entregaranse en formato papel e PDF ou similar e os planos en papel ou en formato CAD ou SIX, con referencia ao expediente de subvención.

Como datos mínimos deberán contemplarse:

-Relación de parcelas SIXPAC.

-Nº de cabezas pastantes por especie, propietario e réxime de pastoreo.

-Infraestruturas existentes de prevención e defensa contra incendios.

-Condicionantes do aproveitamento: inclusión en espazo protexido, existencia de bens culturais catalogados ou outros condicionantes.

-Servidumes existentes.

-Postos de traballo que se crearán ou manterán durante as fases de implantación e explotación.

#### Limitacións de uso e condicións técnicas mínimas dos traballos

TRABALLO	LIMITACIÓNS DE USO	CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS QUE DEBEN CUMPRIR OS TRABALLOS
ROZA MANUAL	Pendientes superiores ao 35%. Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados. Zonas sensibles por: -Proximidade a correntes de auga. -Especies de interese. -Hábitats protexidos.	A altura do mato unha vez rozado non superará os 10 cm.
ROZA MECÁNICA	Pendientes inferiores ao 35%, salvo xustificación técnica.	A altura do mato unha vez rozado non superará os 10 cm.
TRATAMENTO FITOCIDA	Non utilizar en zonas de valgada.	Utilizar produtos sistémicos non residuais. Xustificarase en memoria técnica a necesidade e idoneidade do tratamento.
LABRA SUPERFICIAL	Vexetación herbácea. Pendientes comprendidas entre 0-25%.	Profundidade da labra maior de 20 cm.
COMPARTIMENTOS PICADOS	Pendientes superiores ao 35%. Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados.	Dimensións mínimas de 30x30x30 cm.
BURATOS MANUAIS	Pendientes superiores ao 35%. Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados.	Dimensións mínimas de 40x40x40 cm.
SUBSOLADO LINEAL	Pendientes comprendidas entre 0-35%. Traballarse no sentido que permita a posterior mecanización dos traballos de mantemento. Levantarse o ripper 2 m cada 10 m en caso de pendentes maiores do 20%.	Profundidade maior de 50 cm. Condicións de execución suxeitas á minimización de procesos erosivos.
SUBSOLADO CRUZADO	Só para pendentes inferiores ao 15%. Baixa pedregosidade e ausencia de tocóns. Levantarse o ripper 2 m cada 10 m en caso de pendentes maiores do 10%. A pica non pode levar orelletas.	Profundidade maior de 50 cm. Condicións de execución suxeitas á minimización de procesos erosivos.

TRABALLO	LIMITACIÓNS DE USO	CONDICIÓNS TÉCNICAS MÍNIMAS QUE DEBEN CUMPRIR OS TRABALLOS
ABURATADO MECANIZADO CON BULLDOZER	Xustificar a súa utilización en pendentes inferiores ao 35%.	Profundidade do labor o final do burato, medida desde o nivel do solo sen alterar, maior de 50 cm. Lonxitude total do burato, incluído o burato e o lombo de terra sacada do burato, comprendida entre 150-200 cm. Anchura superficial no comezo do burato, medido ao nivel do solo sen alterar, maior de 40 cm. Anchura superficial ao final do burato, medido ao nivel do solo sen alterar, maior de 60 cm.
ACAMBALLONADO CON DESFONDE LINEAL	Zonas con encharcamentos. Só cando a realización dos traballos non produza a inversión de horizontes.	Realizarase mediante o pase de polo menos dúas vertedoiras. Profundidade do corte da arada, medida desde o nivel do solo sen alterar, maior de 40 cm. Ancho total do cómaro, incluíndo o rego e o lombo volteado, maior de 150 cm.
FURADO MECANIZADO CON ESCAVADORA	Plantación de frondosas de altura maior de 100 cm.	Dimensións mínimas de 50x50x50 cm. Pendente máxima do 10%.
FERTILIZACIÓN COMPLETA		Realizarase con fertilizantes CEE o UE, de aplicación localizada e liberación lenta, adaptados ás características edafolóxicas da zona de plantación, co fin de evitar a contaminación dos acuíferos. Os fertilizantes poderán aplicarse en forma de pastillas o cápsulas resinadas. Xustificarse en memoria técnica a necesidade e idoneidade da fertilización.
ÁREA DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.	Obrigatoria, salvo xustificación técnica, caso de CMVMC, agrupacións de propietarios ou outros.	Terán un ancho mínimo de 10 m. Terán unha franxa central de 5 metros con decapado ata solo mineral e dúas franxas laterais de polo menos 2,5 metros de ancho nas cales se realizará unha roza a feito. No caso de coincidir no perímetro unha pista forestal débese realizar unha roza nunha franxa de ancho igual ao resultado de restar a 10 metros o ancho da pista en metros. Procurarase integrar noutras existentes. Practicaranse cortes transversais, cunha pendente lonxitudinal do 2% e distanciadas 50 m a partir das pendentes daquelas superiores ao 20%.
APERTURA DE PISTA	Non se superará a densidade de 40 m de pista/hectárea. Nas áreas de montaña a densidade non poderá superar os 20 m de pista/hectárea. Adaptaranse no seu trazado ó contorno natural do terreo.	A anchura da caixa, incluídos foxos e plataforma, estará comprendida entre 3-5 m. e dotaranse dos pasos de auga e cunetas necesarios. A pendente máxima da rasante non superará o 12%. A sección transversal do camiño terá unha caída do 1-2% para facilitar a evacuación das augas cara aos foxos. Realizaranse suficientes apartadoiros para garantir a circulación en ambos os sentidos. Dotaranse as pistas ou camiños de polo menos 2 pasos de auga por quilómetro de diámetro igual ou maior de 60 cm. Desenvolveranse cálculos hidrolóxicos xustificando os diámetros dos pasos para microbacías con condicións de especial risco. Eliminarase o cordón que puidese formarse na parte exterior da pista ao abrir a caixa. Nos tramos con pendente realizaranse cortes transversais en forma de canlóns dirixidos ao exterior da pista para facilitar a evacuación das augas, cada 50 m.
MELLORA DE PISTA	Só se realizará sobre as pistas que contén cunha anchura de caixa, incluídos foxos e plataforma, maior de 3 m. Non se superará a densidade de 40 m de pista/hectárea.	A pendente máxima da rasante non superará o 12%. A sección transversal do camiño terá unha caída do 1-2% para facilitar a evacuación das augas cara aos foxos. Realizaranse suficientes apartadoiros para garantir a circulación en ambos os dous sentidos. Dotaranse as pistas ou camiños de polo menos 2 pasos de auga por quilómetro. Nos tramos con pendente realizaranse cortes transversais en forma de canlón dirixidos ao exterior da pista para facilitar a evacuación das augas, cada 50 m.

As limitacións e condicións mínimas de actuacións non recollidas neste anexo ditaraas o director xeral de Montes e Industrias Forestais mediante resolución e deberán cumprirse como mínimo as condicións impostas polo Código de boas prácticas forestais publicado pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

## Anexo de prezos máximos atendibles de unidades de obra e codificación de accións e traballos

### I.-Acción sobre o mato:

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Ha de roza manual	1.120.00	1
Ha de roza mecanizada	450.00	2
Ha de tratamento fitocida	210.00	38

### II.-Preparación do solo:

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Apertura mecanizada dun burato con bulldozer	0.50	40
Apertura manual dun compartimento picado de 30 cm de diámetro e profundidade mínima de 30 cm	0.80	4
Apertura manual dun burato de 40x40 cm con profundidade mínima de 40 cm	1.00	5
Ha preparación do solo con subsolado simple con profundidade mínima de 50 cm e cun ripper	310.00	10
Ha preparación do solo con subsolado simple con profundidade mínima de 50 cm e 2 ripper	250.00	45
Ha. Preparación do solo con subsolado cruzado con profundidade mínima de 50 cm	500.00	37
Ha de preparación do solo con acamallonado	380.00	42

Concepto	Importe	Nº de clave do traballo
Labra superficial	290.00	
Apertura dun burato de 60x 6x60 con retroaraña	0.80	82
Apertura dun burato de 60x6x60 con retroaraña, incluída a roza	1.00	83
Ud aburatado mecanizado con escavadora	1.00	18

### III.-Implantación vexetal:

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Plantación manual dunha conífera dun ou dous zumes ou frondosa dun zume a raíz núa	0.37	13
Plantación manual dunha conífera dun ou dous zumes ou frondosa dun zume en colector	0.22	14
Plantación de planta en colector e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatado mecanizado con bulldozer	0.43	46
Plantación dunha conífera a raíz núa e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatado mecanizado con bulldozer	0.55	47
Plantación dunha frondosa a raíz núa e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatado mecanizado con bulldozer	0.62	48
Plantación manual dunha frondosa de dous zumes ou con máis de 1 metro de altura sobre aburatado mecanizado con escavadora ou manual	0.84	17

## Outras accións incluíbles:

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Ha de fertilizante (inclúe fertilizante e man de obra)	218.22	19
Unidade de protector de planta, incluso colocación	1.20	41
Unidade de cartel identificativo	244.01	51
Ha poda e formación de guías ata 1/3 altura	432.00	85
Ha rareo manual en rexenerados de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 12 cm acadando unha densidade final máxima de 1.600 pés/ha	1.008	102
Ha de rareo semisistemático en rexenerados de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 12 cm acadando unha densidade final máxima de 1.600 pés/ha	850	107
Ha de selección de gromos	691	103
Ha trituración dos restos, picadura ou amoreamento para a extracción para o seu aproveitamento como biomasa	576	104
Ha de poda altas, ata unha altura mínima de 4 m e máxima de 6 m cunha densidade máxima de 1.100 pés/ha, podándose como mínimo 400 pés/ha homoxeneamente distribuídos, sempre e cando se xustifique debidamente na memoria técnica que estes pés son para a corta final con destino á serra	691	105
Ha de aumento da densidade dos souts mediante a plantación de castiñeiro híbrido resistente á tinta	144	106
Ha de implantación de pasteiros	1.100	86

## Prezos máximos atendibles por planta:

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Ud. conífera 1 zume a raíz núa	0.12	23
Ud. conífera de 2 zumes a raíz núa	0.15	52
Ud. pseudotsuga 2 zumes a raíz núa	0.28	24
Ud. conífera, 1 zume con terrón	0.23	31
Ud. pseudotsuga 2 zumes con terrón	0.32	32
Ud. frondosa 1 zume maior de 20 cm e ata 35 cm	0.33	25
Ud. frondosa 1 zume maior de 30 cm con terrón	0.40	33
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 35 cm e ata 60 cm	0.80	53
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 60 cm e ata 100 cm	1.18	54
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 100 cm	1.55	55
Ud. castiñeiro híbrido resistente ata 1 m	2.00	26
Ud. castiñeiro híbrido resistente maior de 1 m	3.00	27
Ud. castiñeiro inxertado < 1,2 m	10	28
Ud. castiñeiro inxertado > 1,2 m	15	29

Infraestruturas de acompañamento que se realicen ao abeiro desta orde (prezos máximos):

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Km pista forestal (apertura)	3.000.00	10
Km arranxo de pista forestal (incluíndo pasos de auga)	3.000.00	11
Punto de auga con capacidade igual ou superior a 50 m <sup>3</sup> de auga	6.000.00	14
Ml de peche mediante poste de madeira tratada de 6-8 cm de 2 m de altura cada 5 m e malla cinxética	7.00	15

Importes máximos doutros conceptos subvencionables no capítulo II:

Concepto	Importe €	Nº de clave do traballo
Ud. enxeñeiro de montes	27.050,00	94
Ud. enxeñeiro técnico forestal	22.840,00	95
Ud. estudos técnicos	18.750,00	96
Ud. estudos de viabilidade	18.750,00	97

Módulos máximos para as accións de formación, divulgación e concienciación. Capítulo II:

Nº de días/curso=máximo 5.

Nº de horas/curso=máximo 30.

Nº de horas/curso=mínimo 5.

Nº de módulos=máximo 20.

Nº de alumnos/curso=máximo 50.

Viaxe de formación=máximo 30% custo da acción.

Nº de horas	≤10	10-20	21-30
Coordinación (€/curso)	200	300	400
Dietas e locomoción (€/curso)	100	200	300
Material didáctico (€/alumno)	30	40	50
Gastos varios (€/curso)	300	600	900
1 Gtos. xerais total (*)	1.000	2.000	3.000
2 Custo profesor (€/hora)	60	60	60
3 Viaxe formativa (€/alumno en viaxe)	30	40	50
Máx. e curso total	2.000	4.000	6.000

(\*): os gastos xerais comprenden os anteriores: coordinación, axudas de custo, material e varios

1 Acción formativa=máximo 30.000 €

Acc. divulgación	Importe máximo deseño	Material
Páxina web	15000 €	
Audiovisuais	12000 €	3 €/Ud.
Material gráfico	3.000 € (dípticos, trípticos)	350 €/1.000 Ud.
	6.000 € (follas de divulgación, doc. técnicos, libros, etc.)	1.000 €/1.000 Ud.

Non obstante, as accións deberán cuantificarse en documento xustificativo. En calquera caso, facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar disposicións ampliando esta relación de importes máximos unitarios.

Codificación das especies obxecto dos traballos:

-Coníferas.

Todas as especies se considerarán de crecemento lento por queda maior de 20 anos.

A1 Piñeiro do país: *Pinus pinaster*.

A2 Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris L.*

A3 Piñeiro insigne: *Pinus radiata D. Don.* (\*).

A4 Pseudotsuga: *Pseudotsuga menziesii.* (\*).

A5 Teixo: *Taxus baccata L.*

-Fronzosas.

Todas as especies se considera de crecemento lento por queda maior de 20 anos.

B1 Ameneiro: *Alnus glutinosa (L.) Gaertn.*

B2 Bidueiro silvestre: *Betula sp.*

B3 Choupo mouro: *Populus nigra.*

B6 Freixo: *Fraxinus excelsior L.*

*Fraxinus angustifolia Vahl.*

B7 Castiñeiro: *Castanea sativa Mill.*

B8 Castiñeiro híbrido: *Castanea X coudercii* (resistente tinta).

B9 Cerdeiras silvestres e híbridos de produción madeireira:

-*Prunus avium L.*

-*Prunus mahaleb L.*

-*Prunus padus L.*

- B10 Carballo: *Quercus robur L.*
- B15 Nogueira americana e híbridos de produción madeireira: *Juglans nigra.*
- B19 Castiñeiro para froito: *Castanea sativa Mill.*
- B20 Carballo americano: *Quercus rubra L. (\*)*.
- C2 Nogueira: *Juglans regia L.*
- B21 Pradairo: *Acer pseudoplatanus.*
- B22 Cerquiño: *Quercus pyrenaica Wild.*
- B23 Enciñeira: *Quercus ilex L. Ssp. Ballota.*
- B24 Sobreira: *Quercus suber L.*
- B25 Acivro: *Ilex aquifolium L.*
- B26 Capudre: *Sorbus aucuparia L.*
- B27 Érbedo: *Arbutus unedo L.*

(\*) Para estas especies non será subvencionable a plantación.

Para a plantación de especies será imprescindible a acreditación da procedencia do material, segundo o Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución.

Estudos e proxectos de valorización integral do monte (capítulo III). Aplicación de módulos máximos e coeficientes redutores para o cálculo das contías de axuda.

A contía da axuda calcularase para cada monte en función da súa cabida, heteroxeneidade e existencia ou non de instrumento de xestión do xeito seguinte:

1. Módulos por tramos de superficie.

<u>Cabida</u>	<u>Contía máx.</u>
≤ 50 ha	3.000 €
> 50 ha e < 250 ha	4.500 €
≥ 250 ha	6.000 €

2. Corríxese a contía máxima en función da heteroxeneidade do monte multiplicando pola porcentaxe que corresponda:

<u>Nº niveis de usos do solo</u>	<u>%</u>
3 niveis: A+B+C	100
2 niveis: A+B, A+C, B+C	85
1 nivel: A, B, C	70

Esta heteroxeneidade establécese simplificando o tipo de niveis de uso do solo considerados no IFN3 para uso forestal.


-A: monte arborizado (FCC >20%)=FO SIXPAC.

-B: monte arborizado raro/disperso (5%<FCC>20%)=PA e PR SIXPAC.

-C: monte desarborizado = PS SIXPAC, queimado, etc...


3. O valor obtido no punto 2º multiplícase por 0,75 (75%) no caso de que o monte conte cun instrumento de xestión forestal.

Azul Xunta  
(Pantone process Cyan C)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Montes e Industrias Forestais

Fondo branco



**UNIÓN EUROPEA**  
**FEADER**

Fondo azul CEE (Pantone 300)

Amarelo (Pantone 123)  
(estrelas)

Nº. EXPEDIENTE: XXXXXXXX / XXXX  
 BENEFICIARIO: XX  
 ORZAMENTO APROBADO: ..... € MÁIS IVE.  
 TRABALLOS PARA EXECUTAR:  
     ACTUACIÓN EN xxxx HECTÁREAS CON xxxxxx.  
     APERTURA DE xxx Km DE PISTA FORESTAL.

PRAZO EXECUCIÓN TRABALLOS ATA O DÍA XX DE XXXXXXXX DE XXXXX

PROXECTO CO - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA

Negro  
(Pantone process black)

Fondo branco

Azul CEE (Pantone 300)

Nota: o logotipo da empresa executora pódese incluír.

Dimensións:

Altura 0.8 metros, anchura 1.5 metros.

Altura desde o borde inferior ao solo 1.5 metros.





**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
 Dirección Xeral de  
 Montes e Industrias Forestais



**UNIÓN  
 EUROPEA  
 FEADER**

PROCEDEMENTO <b>VALORIZACIÓN INTEGRAL DO MONTE.</b> <b>Orde autonómica 2008 de valorización integral do monte.</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR630A</b>	DOCUMENTO ANEXO I <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--

Nº EXPEDIENTE <input type="text"/>	PROVINCIA ONDE SE LOCALIZAN OS TRABALLOS SUBVENCIONADOS <input type="text"/>
---------------------------------------	---

### DATOS XERAIS

#### 1.- DATOS DO TITULAR DOS TERREOS - BENEFICIARIO

NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		NIF / CIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>			
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>		
PARROQUIA <input type="text"/>	LUGAR <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

#### 2.- NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS <input type="text"/>		NIF / CIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>			
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>		
PARROQUIA <input type="text"/>	LUGAR <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

#### 3.- DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO <input type="text"/>	CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/>	DÍXITOS DE CONTROL <input type="text"/>	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE <input type="text"/>
DATOS BANCARIOS <input type="text"/>			NIF / CIF <input type="text"/>
NOME <input type="text"/>	ENDEREZO COMPLETO <input type="text"/>		

#### 4.- ÁMBITO DO PROGRAMA

- MELLORA E RACIONALIZACIÓN DO APROVEITAMENTO DOS RECURSOS FORESTAIS A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E CONCIENCIACIÓN DOS PROPIETARIOS E XESTORES (CAPÍTULO II DA ORDE).
- ACCIÓNS DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN.
- ASESORAMENTO TÉCNICO ÁS EXPLOTACIÓNS (CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA).
- ACCIÓNS DE AUMENTO DO VALOR ECONÓMICO DOS BOSQUES E PROMOCIÓN DA DIVERSIFICACIÓN DAS PRODUCIÓNS (CAPÍTULO III DA ORDE).
- ACCIÓNS DE POSTA EN VALOR DE USOS PÚBLICOS FORESTAIS (CAPÍTULO IV DA ORDE).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
